

SABÍAS QUE

-O obxectivo final do decreto de normalización, tan polémico ultimamente, persegue unicamente que os nenos ao rematar a escolaridade obrigatoria, coñezan por igual o galego e o castelán, con independencia da súa lingua materna.



-O devandito decreto marca, para conseguir ese obxectivo, un mínimo dun 50% as materias que se deben impartir en galego.

-O cerebro políglota preserva a morte de multitude de neuronas e estas aseguran un mellor desenvolvemento cerebral cun esforzo menor.



-En todo mundo hai moi poucos pobos que teñen a vantaxe de ser bilingües coma nós.



-Tamén se fala galego nalgunhas poboacións de Asturias (Éo-Navia), noutras de León (Bierzo), en Zamora (As Portelas e Calabor) e en Extremadura (Val do río Éllas).

-No Val de Arán (pirineo aragonés) o alumnado ao rematar o ensino obrigatorio domina ben o aranés, catalán, castelán e ten boa competencia en francés e inglés, constatándose as súas mellores aptitudes para a aprendizaxe.



-Unha lingua é a identidade dun pobo e unha fonte de cultura.



Dende o ENL queremos salientar os seguintes aspectos, recollidos das testemuñas deixadas na web citada na portada:

-¿Que beneficios sociais vos aportou saber galego estando en Inglaterra?



-Permitiunos poder contactar, falar e manter un nexo de unión coa nosa identidade ao poder entendernos cos brasileiros, italianos, portugueses, angoleños e doutras nacionalidades. As nosas posibilidades de comunicación eran maiores cas de calquera español que só sabía castelán e inglés.

-¿Que beneficios profesionais vos aportou saber galego en EEUU?



-No ámbito profesional é unha vantaxe competitiva moi importante fronte outros traballadores, xa que tes a posibilidade de comunicarte con outras moitas persoas de fala próxima ao galego; unha poboación de máis de 200 millóns de persoas. (non teñen esa posibilidade os castelán falantes monolingües) .

-¿Que beneficios persoais vos aportou saber galego en Australia?



-Moitos. Permite aprender novas linguas con moita máis facilidade, non só polo léxico, senón tamén polas estruturas, sons.... Por exemplo: o son "X" de xamón non existe en castelán pero si en linguas como o inglés, francés, polaco... por tanto a un galego élle moito máis doado pronuncialo. Por exemplo: un galego distingue entre oso e óso igual ca no francés, un monolingüe castelán terá máis dificultades.



E así poderíamos seguir con moitos exemplos.



MOMENTO PARA A REFLEXIÓN

¿Que lingua pensas que está en perigo de desaparecer en Galicia , o galego ou o castelán?

¿Pensas que a lingua máis desfavorecida debe ser protexida?

¿Gustaríache privar os teus fillos de ser bilingües coa vantaxe que iso ten fronte aos monolingües?



O GALEGO TAMÉN É ÚTIL
INFÓRMATE, LE!!

Sabías que hai un grupo de galego (xornalistas, investigadores, empresarios...) que traballan e viven fóra de Galicia e que crearon un manifesto onde enumeran os beneficios que tiveron fóra por saber falar galego.

Este manifesto e moitas testemuñas doutras persoas pódelos ler na seguinte dirección web:

www.ogalegoeutil.wordpress.com